

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CLUB SANTIAGO FUTSAL PARA O ANO 2020

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Ramón García Seara, con documento nacional de identidade número 33 258 861-X, Presidente do CLUB SANTIAGO FUTSAL, con domicilio en Santiago de Compostela na rúa Diego Bernal s/n, con CIF G-15728975, co número de rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte 4013 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 269.

Interveñen ambos coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, “Xeral de Subvencións” e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8.10 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de Deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
- IV. Que o Concello de Santiago para levar a cabo a colaboración co CLUB SANTIAGO FUTSAL obxecto deste convenio, estará ao previsto nas bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2020, que de acordo co seu artigo 33 achegará a cantidade de **sesenta e cinco mil euros (65.000 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **090 34100 4890000**.

É, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que o CLUB SANTIAGO FUTSAL é o club máis representativo a nivel local na modalidade de fútbol sala, dado que está a participar no momento da tramitación deste convenio na segunda división nacional, o que o converte nun referente local a nivel deportivo e social.
- II. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a súa presenza na elite do deporte de competición, considerando que é positivo polo que supón para a promoción da cidade, así como, de exemplo e motivación para o deporte de base.

En consecuencia,

CONVENIEN

1º.- É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que o CLUB SANTIAGO FUTSAL compita durante o ano 2020 na Liga de Segunda División Nacional na modalidade de fútbol sala senior masculino. Isto significa que deberá participar na mencionada categoría deportiva ou superior durante as tempadas 2019/20 e 2020/21.

2º.- O CLUB SANTIAGO FUTSAL comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

2.1.- Copia da escritura de constitución da entidade e do poder de representación da mesma. No suposto de non variar respecto da presentada no ano anterior unicamente deberá entregar unha certificación asinada polo secretario da entidade que faga constar a súa vixencia.

2.2 Certificación oficial da Real Federación Española de Fútbol, que acredite a súa participación na segunda división nacional de fútbol sala durante a tempada 2019/20. O certificado correspondente á tempada 2020/21 deberá presentarse no momento da xustificación do convenio.

2.3.- Certificación do club, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento xeral de gastos e ingresos aprobados para a tempada 2019/20 da categoría obxecto de subvención, así como, o xeral da entidade.

2.4.- Certificación do club, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento previsto de gastos e ingresos para a tempada 2020/21 da categoría obxecto de subvención, así como, o xeral da entidade. Este orzamento poderá ser requirido no momento en que proceda polo Concello de Santiago e, en todo caso, será presentado no momento da xustificación do convenio.

2.5.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, con Facenda da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

2.6. Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.7.- Copia do CIF da Entidade.

2.8.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure o CLUB SANTIAGO FUTSAL como titular e o seu número de conta, no que se faga constar o BIC e o IBAN.

3º.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

4º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2020 ao CLUB SANTIAGO FUTSAL coa cantidade de **65.000 EUROS** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890000, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a participación na competición indicada no punto 1º deste convenio.

4.1.- Destes 65.000 €, a efectos de xustificación 20.000 € estarán vinculados coa tempada 2019/20, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2020 (período 1 de xaneiro-30 de xuño):

Desprazamentos competición	7.230€
Aloxamento e manutención	6.000 €
Servizo de Fisioterapia	1.950 €
Material sanitario e de limpeza	700 €
Nóminas adestrador, segundo adestrador e preparador físico	4.489 €
Total orzamento por estes conceptos	20.369

4.2.- Os 45.000 € restantes, a efectos de xustificación, estarán vinculados coa tempada 2020/21, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que deberán figurar obrigatoriamente no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2020 (período 1 de xullo-10 de decembro):

Desprazamentos competición	7.000 €
Aloxamento e manutención	4.000 €
Servizo de Fisioterapia	3.500 €
Material sanitario e de limpeza	2.500 €
Material deportivo e serigrafías	5.000 €
Canon LNFS	12.100 €
Licencias e mutualidade	4.000 €
Nóminas adestrador, segundo adestrador e preparador físico	4.800 €
Material gráfico	2.000 €
Lavandería	2.500 €
Servicios de scouting	2.500 €
Xestión abonados e acceso	300 €
Total orzamento por estes conceptos	50.200 €

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin, non se supere o orzamento total de gastos presentado polo CLUB SANTIAGO FUTSAL para cada unha das tempadas indicadas.

5º.- O CLUB SANTIAGO FUTSAL ao efecto de publicitar a colaboración do Concello de Santiago comprométese, en virtude deste convenio á:

5.1.- Colocación de valados publicitarios co lema *Concello de Santiago* en zonas visibles nos recintos deportivos de Santiago nos que o Club celebre os seus encontros.

5.2.- Colocación do anagrama e o lema *Concello de Santiago* nunha zona visible da camiseta de competición durante as tempadas obxecto de convenio (manga, zona frontal...).

5.3.- Publicitar a colaboración do Concello de Santiago nos carnés dos abonados, entradas, publicacións e cartelería en xeral que anuncie as súas actividades, así como na páxina web e redes sociais.

6º.- En virtude do presente convenio co Concello de Santiago o CLUB SANTIAGO FUTSAL comprométese durante o ano 2020 a colaborar na difusión daquelas iniciativas de carácter deportivo que desenvolva e determine o Departamento de Deportes e que contribúan a promoción da actividade física e deportiva da cidade.

7º.- O pago efectuarase nun único prazo previa xustificación do interesado. O prazo de xustificación rematará o **10 de decembro de 2020**.

Para facelo efectivo é condición necesaria que o CLUB SANTIAGO FUTSAL presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, **no prazo indicado no parágrafo anterior**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

7.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumpridos os compromisos especificados no punto 5º do presente convenio. Presentaranse como xustificantes recortes de prensa, fotografías, así como modelos de cartaces, entradas, abonos,, se existen, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio.

7.2.- Facturas oficiais que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado 4º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2020, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 4ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos da entidade para cada tempada deportiva, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificativo supere o importe da subvención recollida no mesmo.

Dado o carácter excepcional da situación ocasionada pola Covid-19, admitiranse como gastos subvencionables, os gastos de persoal, ata un máximo do 15% do importe da subvención. Estes gastos deben responder á contratación de persoal técnico (adestrador, preparador físico, ...) que preste servizos **directamente relacionados coa categoría obxecto da subvención**. Aos efectos da xustificación de ditos gastos, acudirase ao previsto na lexislación laboral (contrato laboral, transferencia, ...)

Excepcionalmente, e de forma xustificada, admitirase o pago en efectivo de facturas por importe inferior a 600 €, para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos como restaurantes, gasolineiras, supermercados, etc).

Xustificarse o gasto mediante factura ou recibín asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

7.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, que as axudas públicas e/ou privadas, solicitadas e/ou concedidas, xunto coa subvención do Concello de Santiago non superaron o orzamento de gastos do CLUB SANTIAGO FUTSAL na tempada prevista neste convenio, nin cada un dos conceptos de gasto para os que se concede a subvención, previstos no artigo 4.1 e 4.2.

7.4.- Liquidación do orzamento de gastos e ingresos da entidade e da categoría obxecto de subvención correspondente á tempada 2019/20. De non ser posible a súa presentación deberá motivarse esta circunstancia.

7.5.- No momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

7.6.- Coa xustificación, a maiores, deberase presentar a documentación acreditativa que se solicita nos apartados 2.2 e 2.4 do presente convenio.

8º.- O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020.

9º .- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

10º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

11º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar o CLUB SANTIAGO FUTSAL así como, para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

12º.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto cuarto deste convenio, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

13º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

14º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta **ES22 2080 5155 9630 4006 3026 (CAGLESMXXX)**

15º.- As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e

garantía dos dereitos dixitais, no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o seu regulamento; e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

16º Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio

17º.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei, 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2020

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Polo CLUB SANTIAGO FUTSAL

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo
ALCALDE

Asdo.: Ramón García Seara
PRESIDENTE